



BASES DESFILE CARROZAS E COMPARSAS ENTROIDO 2014

1º) A Concellaría de Cultura e Festexos do Concello do Salceda de Caselas convoca o XVI Desfile de Carrozas e Comparsas que se realiza dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido 2014.

Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 15 compoñentes. No caso da participación de menores de idade debe acompañarse á solicitude unha autorización de participación asinada polos pais/nais de cada un dos menores, eximíndose o Concello de toda responsabilidade derivada deste incumplimento.

Establécense dúas modalidades:

- Modalidade A: comparsas sen carroza
- Modalidade B: comparsa máis carroza

2º) As inscricións presentaranse no rexistro do Concello de Salceda de Caselas entre o 1 de e o 22 de febreiro , en horario de luns a venres de 9:00 h. a 14:00 h. e sábados de 9:00 a 13:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo non poderán optar ao premio por participación .

No momento de realizar a inscrición é preciso presentar a seguinte documentación:

PARA ASOCIACIÓNS:

- Solicitude de participación no desfile
- Fotocopia do CIF da asociación
- Certificado bancario do número de conta da asociación
- Fotocopia do DNI da persoa que exerza como representante
- Listado de participantes no que apareza a data de nacemento de cada un
- Autorizacións para a participación dos menores de idade asinadas polo pai/nai
- Nomeamento da persoa que formará parte do xurado

PARA COMPARSAS NON CONSTITUÍDAS COMO ASOCIACIÓN:

- Solicitude de participación no desfile
- Certificado bancario do número de conta do representante
- Fotocopia do DNI da persoa que exerza como representante
- Nomeamento do representante e autorización para que este sexa quen cobre o premio, asinada por tódolos participantes maiores de idade.
- Listado de participantes no que apareza a data de nacemento de cada un
- Autorizacións para a participación dos menores de idade asinadas polo pai/nai
- Nomeamento da persoa que formará parte do xurado

O Concello, por motivos de seguridade e de organización, resérvase o dereito de reducir ou ampliar o prazo de inscrición.





3º) O desfile das comparsas celebrarase o domingo 2 de marzo. A saída queda fixada para as 16:30 horas dende a Praza da Devesa, discorrendo o desfile pola Rúa Vigo, Avenida de Galicia, Rúa Victoriano Pérez Vidal, Rúa Rollo e Praza do Concello. As carrozas deben estar no lugar asignado da Praza da Devesa antes das 16:00 horas e as comparsas ás 16:15 h. O retraso na chegada das carrozas conllevará redución no premio por participación, a razón de 5 € por cada minuto de retraso.

4º) A orde de desfile das comparsas establecerase mediante sorteo nunha reunión que se celebrará o luns 24 de febreiro ás 19:00 na Casa da Cultura, á que deben asistir obrigatoriamente todas as comparsas que opten ao premio por participación.

5º) Cada comparsa terá un distintivo co seu nome, número de orde, e número de compoñentes visible na parte frontal da súa carroza.

6º) Queda prohibido o uso de petardos, esprais ou lanzamento de obxectos perigosos ao público.

7º) As carrozas e comparsas levarán unha velocidade lenta para amosar o seu traballo, non podendo deterse durante o percorrido, salvo causa maior xustificada.

8º) Queda prohibido levar calquera tipo de animal na comparsa. Estes poderán levarse na carroza cumprindo sempre coas medidas de seguridade e hixiene precisas.

9º) As carrozas deberán levar os altofalantes dirixidos cara a súa propia comparsa ou cara os laterais. Quedan prohibidos os altofalantes dirixidos cara a comparsa anterior e posterior.

10º) As comparsas participantes deberán elaborar varias coplas que serán recitadas polos membros que cada comparsa considere oportunos na Praza do Concello unha vez rematado o desfile. A non participación no concurso de coplas conllevará a redución do premio por participación nun 50%.

11º) PREMIOS Á PARTICIPACIÓN :

Establécense os seguintes premios por participación:

Modalidade A:

- Comparsas de 15 a 40 membros: 100 €
- Comparsas de 41 membros ou máis: 200 €

Modalidade B:

- Carroza e comparsa de 15 a 30 membros: 200 €
- Carroza e comparsa de 31 a 75 membros: 450 €
- Carroza e comparsa de máis de 76 membros: 700 €





Os premios por participación poderán incrementarse ata cubrir un máximo de 5.000 € en caso de que as comparsas inscritas non supoñan o total do crédito. Neste caso as contías iran incrementando de xeito proporcional para cada categoría. O premio por participación rematará no momento en que a cantidade a repartir por comparsas inscritas, según número de compoñentes e por rigoroso orden de inscrición, chegue á cantidade disposta polo Concello sendo o presuposto máximo a estes efectos de 5.000 €. Unha vez chegado a dito tope as comparsas que desexen participar no Entroido, poderán inscribirse sen opción ao premio por participación sempre e cando cumbran as bases.

O número de compoñentes deberá figurar nun cartaz visible na carroza. Non obstante os compoñentes serán contados o día do desfile pola organización.

12º) Establécese como premio un xamón, donado por diversos establecementos hosteleiros de Salceda, para o mellor en cada unha das seguintes categorías:

- A mellor música en directo
- A mellor coreografía
- A comparsa máis festeira
- A comparsa con maior número de compoñentes
- O tema máis orixinal
- O mellor vestiario
- A carroza máis elaborada
- A carroza máis orixinal
- As coplas máis divertidas
- As coplas mellor recitadas
- Ao participante de maior idade

Para outorgar estes premios formarase un xurado composto por unha persoa designada para tal fin por cada unha das comparsas participantes. Dito membro quedará xa designado no momento de inscribir a comparsa para o concurso.

No caso dos premios para as coplas o xurado estará composto por membros de asociacións do Concello de Salceda.

13º) Estas bases serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello así como na páxina web (www.salcedadecaselas.es).

14º) O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases.





Don/Dona _____,
con D.N.I.: _____, teléfono _____ e correo electrónico _____,
_____ en representación da comparsa denominada _____,
asociación _____, pertencente á _____,
_____ con enderezo en _____

Solicita a inscrición de dita comparsa no XV Desfile de Carrozas e Comparsas organizado polo Concello de Salceda de Caselas e que se vai celebrar o domingo 2 de marzo de 2014.

Modalidade: ___ A (comparsa sen carroza) Nº de componentes: ___

___ B (comparsa máis carroza) Nº de componentes: ___

Adxúntase a seguinte documentación:

Asociacións:

- Nomeamento do representante cos seus datos de contacto
- Fotocopia do DNI do representante
- Fotocopia do CIF da Asociación
- Certificado do número de conta da Asociación
- Autorizacións para a participación de menores de idade (de ser o caso)
- Listado de participantes coa súa data de nacemento
- Nomeamento do membro do xurado cos seus datos de contacto
- Fotocopia do DNI do membro do xurado

Comparsas sen asociación:

- Nomeamento do representante cos seus datos de contacto
- Fotocopia do DNI do representante
- Certificado do número de conta do representante
- Autorización asinada por todos os membros da comparsa para que o pago do premio por participación sexa feito na conta do representante
- Autorizacións para a participación de menores de idade (de ser o caso)
- Listado de participantes coa súa data de nacemento
- Nomeamento do membro do xurado cos seus datos de contacto
- Fotocopia do DNI do membro do xurado

En Salceda de Caselas, a ___ de _____ de 2014

Asdo.: _____ (representante)

CONCELLEIRA DE CULTURA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

